

# VIIIº ENCONTRO DE EMBARCACIÓNS TRADICIONAIS DE GALICIA

FERROL, 5, 6, 7 e 8 de xullo de 2007

Arturo Loureiro, Bernardo Máiz, "Club do Mar" de Ferrol (embarcacións tradicionais)

Regata da Parrocheira. Ferrol. Foto: M. Patiño

O "VIIIº Encontro de Embarcacións Tradicionais de Galicia" que se vai celebrar en Ferrol os vindeiros días 5, 6, 7 e 8 de Xullo de 2007 será o primeiro que teña como escenario unha ría do norte do país.



Vista da Ría de Ferrol, coa cidade ao fondo

Aproveitando a experiencia de Encontros anteriores, queremos centrar a nosa acción en facilitar o contacto e ampliar o coñecemento mutuo entre as diferentes terras e portos do Arco Atlántico Europeo, para intensificarmos e coordinarmos mellor o noso labor de recuperación, mantemento e posta en valor do patrimonio marítimo. Desde esta perspectiva, o VIIIº Encontro de Ferrol non é máis que un dos chanzos no camiño cara ao magno Encontro que se prevé celebrar, xa en 2008, no porto bretón de Brest.

Para nós é toda unha fachenda que a "Federación Galega pola Cultura Marítima e Fluvial" (FGCMF) nos fixese a honra de confiar ao "Club do Mar" de Ferrol a organización e desenvolvemento deste VIIIº Encontro, que coidamos servirá para dar conta unha vez máis da potencia patrimonial do mar galego e para activar, máis se cabe, as asociacións, institucións e persoas que de Prioriño cara ao Norte e Nordeste teiman por defender a nosa cultura marítima.

## Ferrolterra marítima

Galicia, situada na extremadela occidental da Península Ibérica, ten os camiños do mar sempre abertos, pois se para algúns esta terra é o *Finis Terrae*, para moitos, os que veñen de Alén Mar, Galicia é, máis ben, a *Prima Terra*. A de Ferrol é unha das pequenas rías de Galicia, a penas vinte e seis quilómetros cadrados de lámina mariña, espazo reducido en que se concentra unha poboación de aproximadamente cento cincuenta mil persoas.

Estas augas interiores ferrolterrás, enmarcadas polas latitudes 8° 09' / 8° 21' Norte e 43° 27' / 43° 31' Oeste e orientadas dende o Nordeste cara ao mar aberto ao Sudoeste a través dunha estreita boca, están envoltas polas ribeiras dos concellos de Mugarodos, Fene e Neda na banda sur, e as de Ferrol e Narón, na norte. A ría está protexida, entre outros, polos montes de Coto, Pedroso, Balón, Chamorro, Ancos, Marraxón, Romariz, Prismos e Montefaro, abríndose ao interior polos vales dos ríos Xubia e Beelle.

Non só pola xeografía, senón tamén pola vocación profesional, Ferrolterra está vencellada *a los oficios de la mar* dende as orixes, extremo demostrado polos estudos de arqueoloxía castrexa e as escavacións realizadas no xacemento tardorromano de Noville, costa de Mugarodos cara a O Seixo. Por non ir tan atrás (e por non cansar) lembremos só que o concello de Neda ten no seu escudo barcos e cadeas por mor da súa participación na conquista de Alxeciras no ano 1344; recordemos que entre os *maos usos e abusos* da casa de Andrade sobre os veciños de Ferrol no século XV estaba a percepción de rendas polas naos que á ría chegaban, ou que nun edificio da fachada portuaria de Mugarodos destaca o escudo da Casa da Serea.... A fins do século XVI, reinando Filipe II, a ría ferrolá gañou importancia como avanzada náutica e militar cara a Inglaterra e ao Océano, sendo daquela cando levantaron as primitivas fortificacións de San Martiño, A Palma e San Filipe. No século XVII, Ferrol, Mugarodos



Peirao de Curuxeiras

e Neda eran vilas semellantes, mariñeiras e de poboación escasa, habendo outros núcleos cativos no Seixo e arredor da ponte de Xubia. E despois pasaron cen anos...

Foron as condicións estratéxicas das costas ferrolás as que motivaron que no ano 1726 fora escollida esta ría como cabeceira do "Departamento Marítimo del Norte" para a construción dunha base naval, estaleiros e arsenais, obras comezadas na Graña no ano 1727, e máis principais no Esteiro de Ferrol dende o 1750 en diante. A bisbarra pasou a acoller milleiros de persoas ao chamado do traballo na construción dos estaleiros, dos buques e da "Nueva Población" de Esteiro e da Madalena: canteiros, albaneis, soldados, mariñeiros da Armada, persoal da Maestranza, enxeñeiros... e tamén traballadores forzados *e vagamundos que se han de aplicar al trabajo de los arsenales queriendo el Rey sea por cuatro años*.



Boceto do Cartaz do VIIIº Encontro, deseño de Alberto Murillo, que tamén levára a lenda: "Ría de Ferrol, porto da cultura marítima e fluvial de Europa"



Ferrol, peirao de Curuxeiras

Houbo un tempo (1750) en que Ferrol con A Graña tiña 48 barcos de pesca, Neda 11, Perlío 10, Barallobre 13, Maniños 8, O Seixo 7 e Mugar dos 65, cifra esta última destacada sobre as outras pola cantidade de fábricas de salgado de peixe que instalaran nesa vila os "fomentadores" cataláns, como mugar dós era no 1811 o barco corsario "Tigre", un falucho de 50 toneladas. Aos poucos, esa vocación náutica, inicialmente só pesqueira, medraba, variaba, especializábase e tecnificaba (Frei Martiño Sarmiento xa definira Ferrol no 1745 como "una isla científica en la Europa") co crecemento dos estaleiros estatais, as importantísimas innovacións técnicas que aquí se desenvolvían, os novos sistemas de construción de buques, o magnífico obradoiro de instrumentos náuticos do señor Baleato, a "casa de bombas de vapor" instalada no Arsenal no 1795..., e pola cualificación do persoal da Armada e da Mestranza, toda a "xente dos oficios": *...delineantes e capataces, contramestres de construción e arborado, os carpinteiros de ribeira e do branco, os calafates, fabricantes de enxarcias e lonas, construtores e axudantes, ademais dos ferreiros, armeiros, escultores, operarios de vela, serradores, faroleiros, pintores, canteiros...* Por xunto, 5.080 homes no ano 1769 e 5.438 no 1793, veciños non só de Ferrol senón, como segue acontecendo agora, de toda Ferrolterra.

No século XIX, o sector da grande construción naval empregaba milleiros de operarios aos que había sumar na volta da ría os mariñeiros, mestres e oficiais dos buques da Armada, a xente dos demais traballos vencellados a unha e outra actividade marítima: pescadores, operarios dos estaleiros privados d'A Cabana e d'A Graña e das carpintarías de ribeira, mulleres das fábricas de salgado de peixe e dos obradoiros de redes de Mugar dos, tripulantes das lanchas de pasaxe e da cabotaxe.... E lembremos tamén a "PYSBE", que deu

traballo na pesca e salgado do bacallao dende o ano 1945 ata o 1973, ou a "Peninsular Maderera", proveída de madeiras tropicais por vía marítima, ou as "compañías auxiliares" dos grandes estaleiros.... En paralelo, a pequena construción naval pulaba e mantiña as chalanas e os característicos cascos de media construción, en convivencia cos botes "redondos", as lanchas de pesca, a influencia por cascos e aparellos propios do Cantábrico e das costas levantinas, as "balleneras" e "falúas" da Armada...

Grazas a todo isto, medraron xeracións con elevada formación técnica, afeitas ao traballo no sector público (*traballar no estado*), dun destacado activismo sociopolítico e cunha mentalidade pragmática impregnada de racionalismo, catro elementos máis para definir Ferrolterra. E ata hoxe, combinando a modernidade coa tradición.



Embarcacións tradicionais abarloadas en Ferrol. Foto: M. Patiño

## Que veremos no VIIIº Encontro en Ferrol, en xullo do 2007?

Realmente, o Encontro en Ferrol non comezarán propiamente o día 5 de xullo, como se recolle no programa, senón que, polo menos desde dúas semanas antes, as tripulacións do sur de Galicia e norte de Portugal prepararanse para realizaren unha grande travesía "en conserva" cara ao Norte, ao longo de toda a costa do noso país. Día a día irán arribando aos diferentes portos onde previsiblemente os collerá a noite. Sairán barcos desde Portugal, xuntándose cos das rías de Vigo, Pontevedra e Arousa, recalando en Muros, Lira, Muxía, Camariñas, Laxe e Malpica, recollendo despois aos da Coruña e aos da ría de Ares, ata que o xoves, 5 de xullo, fagan a súa entrada *per loca marítima* na ría de Ferrol. Por terra chegarán, así mesmo, as embarcacións que, polo seu pequeno porte, non poidan facelo por mar.

É moi importante subliñar que, como xa ven sendo habitual en anteriores Encontros, este ano tamén contaremos coa presenza de embarcacións portuguesas, vascas, catalás, baleáricas, cartaxeneiras, valencianas e andaluzas. A convidada de honra neste VIIIº Encontro será a Bretaña, que acudirá coa nave *La Recouvrance*, goleta da cidade de Brest de 42 metros de eslora, na compañía doutras embarcacións bretonas menores.

Unha vez todos na boca da ría, na altura da enseada de Cariño, entre os castelos de San Filipe e A Palma (magníficas xoias defensivas, propostas dentro da candidatura de Ferrol-Patrimonio da Humanidade), sairemos en navegación para recibir aos que veñen de lonxe, enchendo a ría enteira dos diferentes tipos de barcos e velas, camiño da entrada á dársena de Curuxeirás, punto central do Encontro.

A partir deses intres darán inicio as diferentes actividades previstas no programa, a desenvolver tanto no mar como en terra. Coidamos importante salientar as xornadas técnicas sobre construción naval, nas que participarán enxeñeiros, expertos carpinteiros de ribeira e de gálibos. Os museos do mar da franxa costeira que abrangue dende o Miño ata Brest, os artesáns que mostrarán o seu labor, os carpinteiros de ribeira que construírán embarcacións durante os días que duren os Encontros e as empresas, confrarías e librarías que estarán presentes darán conta dos seus saberes e dos seus produtos. As exhibicións de aparelamento e de



Panorámica da estreita bocana da ría ferrolá

navegación, as travesías e arribadas ás ramplas de Mugarodos, O Seixo, Maniños, Barallobre..., as regatas de diferentes modalidades e tipoloxías de vela e remo e os paseos náuticos fronte aos estaleiros e o Arsenal militar, serán, con toda a probabilidade, o mellor atractivo para un bo mariñeiro.

A presenza de grupos folclóricos de recoñecida sona, así como a actuación de coros, cuartetos, pasarrúas e bandas en conexión co Festival de Ortigueira, farán dos días e noites ferrolás outro bo pretexto para achegarse ata alí. Este será o mellor momento para comprobarmos o que hai de certo no dito *Un ferrolán canta ben, dous fan un bo dúo e tres, un orfeón*, aceptando desafíos...

Asemade, na que chamamos "Noite en vela", xogos pirotécnicos e lumínicos encherán o ceo e as augas de animación. Para repoñérmonos de tanta emoción, gozaremos de succulentos menús mariñeiros elaborados por profesionais acostumados a utilizar os mellores produtos da ría.



Regata na festa da Parrocheira. Foto: M. Patiño



## Adianto "técnico" do programa

Polo sinalado, e á marxe de aspectos máis lúdicos, haberá en Ferrol:

- Dinamización de buques: percorrido das embarcacións dende o Sur, en etapas que posibiliten embarcar tripulacións. Participación de representacións de diferentes comunidades, de embarcacións "clásicas" da Armada española, e, sendo a Bretaña convidada preferente, presenza de embarcacións significativas da súa cultura marítima, con *La Recouvrance* como chamarís. Navegación, regatas, travesías, exhibicións.

- Xornadas técnicas: colaborando a FGCMF, o Colexio de Enxeñeiros Navais, a Universidade Politécnica de Ferrol-Coruña, as Consellarías de Pesca e Industria e o Ministerio de Fomento. Tratarían sobre lexislación e normativas a aplicar ás embarcacións tradicionais. Asemade, haberá un encontro de mestres de carpintaría de ribeira.

- Exposicións: pavillón con presenza dos museos marítimos galegos e os de Douarnenez, La Rochelle, Untzi Museoa, do Cantábrico, de Luanco, da Armada española, do Pobo Galego... e cunha mostra de bibliografía

e cartografía marítimas. No mesmo pavillón ou noutro haberá espazos para as asociacións, agardando que a estrela sexa a exposición da propia FGCMF.

- Obradoiros: cestería, redes, nós, maquetismo, carpintaría de ribeira.

Para que todas estas actividades sexan posibles, colaboran connosco diversas entidades e organismos: a Xunta de Galicia a través das Consellarías de Cultura (Fundación Deporte Galego), Innovación e Turismo e Pesca; Deputación da Coruña; Concello de Ferrol a través das Concellerías de Cultura, Turismo e Deporte; Autoridade Portuaria Ferrol-San Cibrao; Cámara de Comercio de Ferrol e Plan de Dinamización de Produto Turístico Ferrol-Ortega. Agradecemos especialmente a colaboración do Museo do Mar de Galicia.

Non fica, pois, máis que convidar a todas as persoas interesadas na cultura marítima a acudir ao VIIIº Encontro de Ferrol 2007, prólogo de Brest 2008. Quen desexar ou precisar máis información, pode contactar co Comité Organizador no enderezo electrónico: [ferrol2007@culturamaritima.org](mailto:ferrol2007@culturamaritima.org) ou no teléfono 646 051 427. Ata entón, boa travesía!

